

# MÚSICA



2022/2023

I.E.S. N° 1 – A Estrada

## *Programación Didáctica (LOMCE)*

Adaptada á ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## MÚSICA

**I.E.S. N° 1 - A ESTRADA****Contido**

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>2. CONTEXTUALIZACIÓN .....</b>	<b>6</b>
2.1 Características xerais do alumnado .....	6
2.2 Composición do departamento e distribución do alumnado.....	7
<b>3. OBXECTIVOS DA ETAPA.....</b>	<b>8</b>
<b>4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>10</b>
<b>5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ÁREA DE MÚSICA .....</b>	<b>21</b>
<b>6. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS.....</b>	<b>24</b>
2º ESO.....	24
4º ESO.....	37
<b>7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA.....</b>	<b>47</b>
2º E.S.O.....	47
4º E.S.O.....	53
<b>8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO .....</b>	<b>58</b>
8.1. Avaliación inicial.....	58
8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	59
8.3. Criterios de cualificación.....	61
1. Alumnado coa materia superada.....	62
2. Alumnado coa materia suspensa.....	63
<b>9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>64</b>

<b>10. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES .....</b>	<b>66</b>
<b>11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....</b>	<b>68</b>
<b>12. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>70</b>
<b>13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR .....</b>	<b>71</b>
<b>14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>72</b>
<b>15. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>73</b>
<b>16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>75</b>
16.1. Propios do alumnado:.....	75
16.2. Material de aula:.....	76
<b>17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....</b>	<b>77</b>
Indicadores de logro do proceso de ensino .....	77
Indicadores de logro da práctica docente .....	78
<b>18. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....</b>	<b>79</b>
<b>ANEXO - ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19.....</b>	<b>81</b>
1. Adaptación aos posibles escenarios en función da situación sanitaria .....	81
2. Efecto do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 sobre a área de Música .....	84

---

## 1. INTRODUCCIÓN

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás

## MÚSICA

---

diferentes profesións no ámbito musical e non musical. Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos:

- "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa;
- "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical;
- "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente,

- "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecno-lóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1 Características xerais do alumnado

O IES N° 1 está situado na vila e Concello de A Estrada, Pontevedra, a medio quilómetro do centro urbano, na zona coñecida como A Carballeira. Forma, xunto cos outros dous institutos do Concello (IES Antón Losada Diéguez e IES Manuel García Barros) e a Academia Galega de Seguridade Pública, unha pequena cidade escolar. Este feito determina un certo illamento da acción educativa en relación á vida social do Concello.

O alumnado do centro provén das parroquias do rural, con unha economía que se sustenta no traballo por conta allea, réxime especial agrario e autónomo, actividades industriais (basicamente no sector de transformación da madeira) e servizos. Estas características socioeconómicas podemos definilas do seguinte xeito: entorno rural de baixa ocupación humana, moi dispersa, carente de núcleos de poboación o suficientemente grandes para posibilitar equipamentos sociais, culturais e deportivos comparables ao entorno urbano ou semiurbano. Isto leva custos elevados para a prestación de moitos servizos e a inexistencia doutros.

A maioría do alumnado reside en pequenas entidades de poboación onde non contan con compañeiros da súa idade para relacionarse, o que supón unha dificultade no seu proceso de socialización, e non contan co acceso próximo a ofertas culturais, deportivas ou de ocio, o que lles fai ter un déficit neses campos. A separación física entre o centro e os distintos lugares de residencia do alumnado supón tamén unha maior dificultade para o achegamento de pais e nais ao centro educativo e a súa participación na vida do mesmo. Mesmo a dedicación ao sector primario da maioría da poboación fai que non se conte con horarios estables nos que se poida establecer un tempo de dedicación ao ámbito educativo dos/as fillos/as e se incremente a separación entre a educación institucional e a educación na familia.

Practicamente a totalidade do alumnado exprésase en galego na súa fala ou comunicación oral, aínda que para a comunicación escrita empregan algo máis, segundo o rexistro, o castelán. O galego será a lingua vehicular na área de música en todos os niveis.

## 2.2 Composición do departamento e distribución do alumnado

O Departamento Didáctico de Música do IES N°1 é un departamento unipersoal formado polo profesor José Manuel Piñeiro Lourido, quen asume a docencia da área en tódolos niveis e grupos.

Para este curso a distribución de grupos é a seguinte:

	2º A	2º B	3º A	3º B	4º	Materia pendente	
						2º	3º
Nº alumnos/as	22	23	21	19 (6 pertencen a un PDC)	9	4	1

Hai que destacar o feito de que temos moito alumnado con NEAE, que implicará medidas de atención á diversidade que haberá que analizar. Salientamos a posibilidade de ter que deseñar, a priori, algunhas ACI's en 2ºESO. En todo caso, haberá que esperar á avaliación inicial para empezar a concretar as medidas particulares para cada caso. Tamén é salientable a existencia de alumnado pertencente a un Programa de Diversificación Curricular en 3ºESO, e que cursarán a materia de Música co seu grupo de referencia, 3ºB.



### 3. OBXECTIVOS DA ETAPA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

A letra que aparece ao carón de cada obxectivo será a que se empregue ao referirnos a eles nalgunhas seccións deste documento.

Hai que ter en conta que son obxectivos de etapa, de xeito que traballando os estándares de aprendizaxe definidos para cada curso e materia acadaranse ao final da etapa.

#### 4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos desta programación, e de acordo co noso Sistema Educativo, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) *Competencia en comunicación lingüística (CCL).*
- b) *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*
- c) *Competencia dixital (CD).*
- d) *Aprender a aprender (CAA).*
- e) *Competencias sociais e cívicas (CSC).*
- f) *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*
- g) *Conciencia e expresións culturais (CCEC).*

As siglas que aparecen a carón de cada competencia serán as que se empreguen ao referirnos a elas ao longo deste documento.

Na área de Música incidiremos no entramento de todas as competencias de maneira sistemática, contribuíndo ao seu desenvolvemento do seguinte xeito:

- a) **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera. O emprego de distintos tipos de notación musical axudan a unha mellor comprensión da linguaxe oral e escrita en múltiples contextos e usos.

- b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia. A música contribúe tamén á competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.
- c) **Competencia dixital (CD):** O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.
- d) **Aprender a aprender (CAA):** A música tamén contribúe ao desenvolvemento desta competencia, potenciando habilidades fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Tamén potencia capacidades e destrezas necesarias para a aprendizaxe musical, como o esforzo, a tenacidade e a responsabilidade.
- e) **Competencias sociais e cívicas (CSC):** A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento

dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

- f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** A música colabora ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.
- g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** A materia de música contribúe de forma directa á adquisición desta competencia en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Ao intentar relacionar os criterios de avaliación e as competencias clave, plantéxase a dificultade de que a redación do criterio pode ser complexa e ampla, polo que cada criterio desglósase nos chamados *estándares de aprendizaxe*, sendo máis medibles e observables. Na seguinte táboa aparecen relacionados os estándares de aprendizaxe de cada curso na área de música coas competencias clave ás que contribúe:

## 2º ESO

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	<p>MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p>MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</p> <p>MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</p> <p>MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais</p> <p>MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</p>
Competencia dixital (CD)	<p>MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</p> <p>MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</p> <p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p> <p>MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</p> <p>MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Aprender a aprender (CAA)</p>	<p>MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</p> <p>MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <p>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</p> <p>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</p>
<p>Competencias sociais e cívicas (CSC)</p>	<p>MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</p> <p>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</p> <p>MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</p> <p>MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</p>
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</p>	<p>MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</p> <p>MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</p> <p>MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.</p> <p>MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</p>

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</p>	<p>MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p>MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p> <p>MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signod que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)</p> <p>MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</p> <p>MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <p>MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</p> <p>MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</p> <p>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</p> <p>MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p> <p>MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</p> <p>MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</p> <p>MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.</p> <p>MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</p>



COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</p>	<p>MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</p> <p>MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.</p> <p>MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.</p> <p>MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</p> <p>MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.</p> <p>MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p> <p>MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.</p> <p>MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.</p>

**4° ESO**

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	<p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</p> <p>MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.</p> <p>MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.</p> <p>MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e describeo utilizando unha terminoloxía axeitada.</p> <p>MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.</p> <p>MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.</p> <p>MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</p> <p>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</p> <p>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</p>
Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	<p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p> <p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</p> <p>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</p> <p>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</p>
Competencia dixital (CD)	<p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.</p> <p>MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.</p>

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Competencia dixital (CD)</p>	<p>MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.</p> <p>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</p> <p>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.</p> <p>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.</p> <p>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</p> <p>MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</p> <p>MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</p> <p>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</p> <p>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</p>
<p>Aprender a aprender (CAA)</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p> <p>MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.</p> <p>MUB3.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</p> <p>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</p> <p>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.</p> <p>MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</p> <p>MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.</p> <p>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</p> <p>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</p>

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Competencias sociais e cívicas (CSC)</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p> <p>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.</p> <p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p> <p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p> <p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</p> <p>MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.</p> <p>MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.</p> <p>MUB2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.</p> <p>MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.</p> <p>MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.</p> <p>MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.</p> <p>MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.</p> <p>MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.</p> <p>MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.</p> <p>MUB3.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</p> <p>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</p> <p>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.</p>
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</p>	<p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p> <p>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</p>

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</p>	<p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.</p> <p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p> <p>MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.</p> <p>MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas sobre a música escoitada.</p> <p>MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.</p> <p>MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.</p> <p>MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.</p> <p>MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.</p> <p>MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.</p> <p>MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.</p> <p>MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.</p> <p>MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais</p> <p>MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.</p> <p>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</p> <p>MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</p>

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ÁREA DE MÚSICA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

En concreto, na área de Música:

- A metodoloxía é eminentemente activa, na que se esixe a participación do alumno en todo momento, coa conseguinte adquisición das competencias clave.
- Terase en conta o carácter global da materia, no sentido de que esta área presenta uns bloques de contido con evidentes conexións entre eles.
- Os contidos da programación deseñáronse partindo da consideración de que a área de Música asume a tarefa de desenvolver e ampliar no alumnado unha serie de destrezas básicas relacionadas con ámbitos musicais (expresivo, estético e comunicativo), de ensinarlle a apreciar a música e de acostumalo a usala como medio de expresión e como factor que contribúe ao seu benestar personal.
- Os alicerces fundamentais do ensino da música son a audición e a expresión, e xa que logo a metodoloxía debe dirixirse a desenvolverlas nas súas distintas manifestacións.
- A audición permite o goce da música, facilita a asimilación dos contidos e desenvolve as capacidades perceptivas para aumentar a capacidade de análise e espertar o interese. Estes tres planos da audición deben potenciarse mutuamente para que os coñecementos técnicos melloren a percepción e o goce, e estes, á súa vez, melloren a comprensión e a profundización técnica e analítica. A audición terá un amplo tratamento, acompañando ás explicacións e servindo de apoio en moitas das actividades propostas e na interpretación. É por iso que se tentará crear un ambiente de predisposición e de atención ante a audición, fomentando a escoita atenta e en silencio.
- A interpretación vocal, ao utilizar o instrumento máis inmediato, a voz, permite unha expresión directa e espontánea, e máis imbricada na personalidade de cada alumno ou alumna. É un vehículo idóneo para mellorar a interiorización e a formación auditiva. Estamos obrigados a ser prudentes en relación á posible transmisión da Covid-19, con interpretacións individuais ou

en pequeno grupo que garanten a distancia de seguridade, ou realizadas fóra do ámbiro da aula con axuda das novas tecnoloxías.

- A interpretación instrumental é o eixe vertebrador en torno ao cal organízanse os distintos contidos ao longo deste curso e durante a etapa. Isto é así porque ademais de mellorar as destrezas instrumentais, o alumnado é capaz de interconectar contidos de escoita, creación e improvisación, evolución histórica, linguaxe musical, lecto-escritura, valores... dando continuidade aos ensinamentos musicais. A interpretación coa frauta está sometida aos mesmos condicionantes que o canto, polo que, do mesmo xeito que para este, haberá que artellar mecanismos que permitan o uso deste instrumento garantindo a distancia de seguridade. En canto ao instrumental Orff, o seu uso está supeditado ás condicións de hixiene e desinfección que garantan a non transmisión do virus da COVID-19.
- A interpretación corporal, baseada nos lazos entre o movemento corporal e o movemento musical, desenvolve o sentido kinestésico, a través do cal o movemento corporal relaciónase co movemento sonoro, creando imaxes audiomotrices que constitúen un repertorio de percepcións, que permitirá enriquecer a musicalidade do alumnado e favorecer a autoconfianza e a superación de inhibicións. Todas as actividades de interpretación, non só responden ás necesidades expresivas e individuais e actúan como canalizador de emocións, senón tamén responden ao pracer de participar e facer música en grupo, fomentando con iso a autoestima, a autonomía, a responsabilidade e os valores sociais.
- A improvisación, ademais de ser un medio de expresión creativa e de reforzo da autoestima e da iniciativa persoal, convértese nun recurso metodolóxico de gran importancia para explorar os elementos da linguaxe musical e corporal, e reforzar o pensamento creativo xunto coa composición musical.
- A composición, guiada ou libre, é a manifestación última da interiorización dos contidos asimilados correspondentes co nivel. Ademais de servir de canle expresivo e creativo en calquera momento da aprendizaxe, implica reflexión, selección, estruturación e toma de decisións, e todo iso dun xeito lóxico e crítico. Tamén é un vehículo ideal para exercitar a lectura e a escritura musical.
- Na metodoloxía aplicada seguiremos os principais métodos e sistemas didácticos de educación musical, sobre todo Orff, Kodaly e, en menor medida Dalcroze, Willems... para así mellorar a aplicación dos contidos na aula.

- Faranse tamén actividades de búsqueda de información sobre temas ou aspectos concretos que teñan relación co currículo. Deste xeito, o alumno aprenderá a extraer a información necesaria, manexar diferentes fontes e acudir ás máis axeitadas en cada caso. Daráselle tamén un espazo á lectura, de acordo co proxecto lector.
- Tamén o alumnado fará uso das novas tecnoloxías mediante o ordenador da aula e o canón proxector, así como nas aulas dotadas de ordenadores para o alumnado, incluído o proxecto Edixgal, empregando o software axeitado. Priorizarase o uso da Aula Virtual do centro para compartir apuntamentos, propor exercicios e mesmo facer algunhas probas, facilitando a adquisición por parte do alumnado de destrezas relacionados co seu uso que favorezan unha posible transición cara a educación non presencial se a situación epidemiolóxica implica abandonar o ensino presencial.



## 6. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

### 2º ESO

Os contidos a desenvolver neste curso son os seguintes:

#### **Bloque 1: Interpretación e creación**

- B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.
- B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
- B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
- B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.
- B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.
- B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
- B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
- B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
- B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

- B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
- B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.
- B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
- B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
- B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

## **Bloque 2. escoita**

- B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
- B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.
Utilizaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación para a materia do terceiro curso:

- **Probas escritas:** serán obxectivas de complementación e abertas. Elaboraranse a partires dos estándares de aprendizaxe a avaliar. Moitas destas probas complementáanse con audicións nas que identificar elementos dos traballados. Algunhas delas faranse a través da aula virtual ou con outras ferramentas dixitais, buscando que o alumnado se vaia adaptando a este tipo de avaliación, contemplando a posibilidade de que se pase a unha educación non presencial. Normalmente haberá alomenos dúas en cada trimestre. Nas propias probas presentarase de maneira clara os criterios de puntuación. Salvo casos excepcionais, puntuaranse sempre sobre 10.
  
- **Traballos escritos/gravados:** valoraranse mediante unha rúbrica. Nesta rúbrica avaliaranse aspectos como o tratamento do tema obxecto de estudo, o coñecemento do tema, a unidade temática, a ortografía e a gramática, a estruturación do contido e o nivel de seguemento das pautas marcadas polo profesor para a súa elaboración. Algúns dos traballos implicarán o uso de técnicas de gravación e de tratamento do son coas que presentar as súas propostas musicais. Como norma xeral, os traballos entregarase a través da aula virtual.
  
- **Interpretación musical:** as actividades de interpretación deberán respectar as normas do protocolo de adaptación ao contexto da Covid e axustaranse a elas.
  - **Vocal:** usarase unha rúbrica, na que se valorarán a afinación, o tempo e a exactitude rítmica, a respiración, a expresión ou a postura.
  - **Instrumental:** tamén avaliarase cunha rúbrica, atendendo a aspectos como a exactitude melódica e rítmica, o tempo e o fraseo.

- **Movemento e danza:** neste caso usarase un rexistro de seguemento, no que se analizarán o respecto á forma da danza, o axuste dos movementos ao ritmo, a fluidez ou a creatividade.
  
- **Escoita activa nas audicións:** a audición será parte importante na avaliación, e avaliarase de dúas formas:
  - mediante probas escritas, nas que o alumno terá que responder cuestións relativas ás audicións propostas así como ser quen de seguir e analizar partituras como apoio á audición.
  - mediante un rexistro de seguemento no que se terán en conta a valoración do silencio, interese polas propostas plantexadas, recoñecemento do contexto musical ou as aportacións personais.
  
- **Improvisación e creatividade musical:** valorarase mediante unha rúbrica. Teranse en conta a forma, o movemento tonal, a liña melódica, consistencia do discurso musical ou a orixinalidade das propostas.

**Os instrumentos de avaliación poden presentar variacións para axustarse as características de cada traballo, proba ou interpretación. Pero, en calquera caso, tanto no caso das rúbricas como nas probas e traballos escritos, o alumnado recibirá instrucións concretas sobre os seus contidos, as súas características e aqueles aspectos relevantes de cara á posterior cualificación. No caso concreto dos traballos, o alumnado recibirá un guión detallado coas cuestións a investigar e os procedementos a desenvolver, incluíndo os criterios de puntuación. Por outra banda, naqueles aspectos nos que o profesor utilice rúbricas, éstas serán entregadas ao alumnado antes de comezar coa observación e análese para a súa avaliación.**

As datas das probas e entrega de traballos así como de realización doutro tipo de propostas serán fixadas con suficiente antelación, que dependerá do tipo de instrumento de avaliación. Ditas datas poderán ser comunicadas tamén ás familias mediante a ferramenta abalarMóbil. Mediante esta ferramenta as familias serán tamén informadas de calquera información de interese sobre o rendemento do alumnado (avisos sobre datas das diferentes probas, as notas obtidas en cada unha delas ou calquera outra información de interese para os responsables do alumnado).

### 8.3. Criterios de cualificación

Os resultados da avaliación dos alumnos expresaranse nos seguintes termos: Insuficiente (IN), Suficiente (SU), Ben (B), Notable (NT) e Sobresáinte (SB), dos que se considerará calificación negativa a de Insuficiente e positivas todas as demais. Irán acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, (aplicaranse as normas de redondeo) nunha escala de un a dez, e aplicaranse neste caso as seguintes correspondencias: Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4; Suficiente, 5; Ben, 6; Notable, 7 ou 8; Sobresáinte, 9 ou 10.

En particular, os criterios de cualificación para a materia de Música son os seguintes:

		Probas escritas	Interpretación	Traballos
2º ESO	1ª Avaliación	60 %	25 %	15 %
	2ª Avaliación	50 %	30 %	20 %
	3ª Avaliación	40 %	40 %	20 %
4º ESO	1ª Avaliación	35 %	25 %	40 %
	2ª Avaliación	35 %	25 %	40 %
	3ª Avaliación	35 %	25 %	40 %

Para obter a cualificación final do curso farase unha cálculo da cualificación media, segundo a seguinte táboa:

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
2º ESO	25 %	30 %	45 %
4º ESO	30 %	35 %	35 %

**Considerarase que un alumno ou unha alumna superou a materia no curso ordinario cando a nota media calculada seguindo a táboa anterior sexa igual ou superior a 5.**

Resérvanse as dúas últimas semanas do curso para que o alumnado que non supere a materia poida realizar actividades e probas de recuperación.

#### **1. Alumnado coa materia superada**

Nas dúas últimas semanas do curso, este alumnado realizará actividades de reforzo e ampliación avaliábeles, de maneira que a cualificación final será o resultado da media ponderada da nota media das tres avaliacións parciais (90%) e a nota das actividades realizadas neste período (10%).

As familias do alumnado que se atope nesta situación serán informadas desta situación a través da ferramenta abalarMóbil.

---

## **2. Alumnado coa materia suspensa**

Nas dúas últimas semanas do curso, o alumnado nesta situación deberá realizar actividades e probas de recuperación de aquelas partes non superadas. Por este motivo, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación e no que quedarán claramente determinados aqueles bloques de contido obxecto de recuperación por parte de cada alumno ou alumna e as actividades e probas de recuperación a realizar.

Esta información será trasladada, ademais de a cada alumno ou alumna, ás familias a través da ferramenta abalarMóbil.



## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nesta programación tense planificada a actividade docente incorporando recursos e estratexias que, de forma anticipada ou preventiva, asumen as diferencias no interior de cada grupo de alumnos, posto que é no contexto do grupo-clase onde adquire o seu significado pleno o principio de atención á diversidade. Especialmente importante no diagnóstico destas diferenzas é a avaliación inicial: permitiranos identificar aos alumnos e alumnas que precisan dun maior seguemento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe e, xunto co asesoramento do Departamento de Orientación, establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar e os recursos que se van empregar.

É preciso distinguir os contidos fundamentais ou básicos daqueles que complementan ou amplían determinados coñecementos, de tal xeito que a aprendizaxe deses mínimos básicos quede asegurada para o conxunto dos alumnos, sen necesidade de que todos eles teñan que lograr as mesmas aprendizaxes, co mesmo ritmo e no mesmo grao para todo tipo de contidos.

En relación coas estratexias didácticas, plantexaranse distintos tipos de actividades que permitan acceder aos contidos de cada unidade didáctica ofrecendo posibilidades ou camiños diferentes, así como o uso de materiais didácticos non uniformes, é dicir, máis ou menos complexos, máis ou menos vencellados os aspectos prácticos cos contidos correspondentes, etc. Do mesmo xeito, plantexaranse formas de agrupamento dos alumnos que combinen o traballo individual co traballo en pequenos grupos e con actividades de toda a clase en conxunto. Ademais, as actividades propostas irán medrando en dificultade de modo paulatino, dende niveis iniciais cara a niveis medio ou avanzado.

Particularmente importante para lograr éxito nesta atención á diversidade na nosa área é coidar a selección de audicións e pezas a interpretar. O repertorio debe ser variado, dando cabida así ás diferentes preferencias e gustos do alumnado, pero presentando ademais diferentes graos de dificultade. Pero ademais, os exercicios de práctica musical posibilitan o engado de liñas melódicas e rítmicas de acompañamento de diferente dificultade: esto permite unha interpretación adaptada a cada grupo e, á súa vez, unha distribución dentro da práctica en conxunto de papeis adaptados ás habilidades individuais do alumnado.

Por último, o departamento empregará rúbricas que nos permitan avaliar o tratamento da diversidade, tanto a nivel individual como a nivel grupal, para así axustar as medidas xerais de grupo e as medidas individuais conforme se desenvolve o proceso educativo. Nestas rúbricas observaránse aspectos como a atención e a motivación, a comprensión, a expresión e a comunicación, a resolución de problemas ou o grao de autonomía.

De seren necesarias adaptacións do currículo para algúns alumnos ou alumnas, estas serán deseñadas, unha vez analizadas as súas necesidades, coa colaboración do Departamento de Orientación, durante as primeiras semanas do curso.

## 10. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

No artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, indícase que “*a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarán en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa*”. A actual lei de educación propón ademais o fomento e desenvolvemento dunha serie de principios e valores que a materia de Música traballa implícitamente, como a tolerancia, a responsabilidade, a solidariedade, a formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, ... O tratamento dos temas transversais está relacionado directamente coas actividades que se infiren dos contidos, coas actitudes que se desenvolven e cos traballos de investigación que se propoñen nesta área.

- **Educación ambiental.** Trátase a través do estudo da contaminación sonora, o nivel de ruidos do contorno, o coidado pola produción excesiva de sons e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución musical.
- **Educación para a saúde.** A práctica musical vocal implica o coñecemento da voz e a hixiene vocal, promovendo a adopción de hábitos saudables, evitando vicios que afecten ao aparello respiratorio. A práctica instrumental axuda na consecución dunha posición e ton muscular equilibrados, o que tamén se obtén a través do movemento e a danza. Por último, todos estes exercicios inciden nunha mellora da coordinación motriz e do equilibrio anímico dos alumnos. Adicaremos unha unidade didáctica a estudar a relación da música co corpo e os coidados que esixen a interpretación instrumental, vocal e a danza.
- **Educación para a igualdade entre sexos.** As actividades vocales e de movemento e danza previstas poden servir como demostración das diferencias e similitudes existentes entre os dous sexos, e como mostra da necesidade da súa complementariedade. Por outra banda, estudaremos a discriminación constante que sufriron as mulleres ao longo da historia á hora de compoñer música.

- **Educación para a paz e a tolerancia.** A aceptación das regras da execución musical implican un acatamento das normas, imprescindible para o desenvolvemento social do individuo. Por outra banda, as actividades que se asoman a outras culturas supoñen un tratamento dobre: por un lado, a comprensión das diferentes culturas; por outro, a asunción de criterios para diferenciar a nosa cultura das outras, promovendo a valoración do noso patrimonio cultural. Existen moitas cancións que tratan a liberdade, a xustiza, a igualdade ou a paz nas súas letras. Por outra banda, hai moitas outras que son resultado do fenómeno do mestizaxe musical, expoñente claro do valor da música como linguaxe universal.
- **Educación para o lecer.** A través desta materia preténdese inculcar no alumnado o aproveitamento do seu tempo mediante actividades lúdico-musicais como a danza, a práctica musical vocal ou instrumental e o goce coas audicións musicais.
- **Educación do consumidor.** Debido a que o consumo da música é algo habitual entre os adolescentes, influídos pola mensaxe publicitaria e a moda, preténdese desde esta área que o alumnado desenvolva unha actitude crítica ante o fenómeno musical e asuma os criterios musicais como base da valoración dos distintos estilos musicais cos que se atopa.
- **Educación moral e cívica.** Todas as actividades programadas nesta área baséanse no respecto ás normas, aos demais, ao material da aula, etc. Existen ademais moi bos exemplos de cancións de denuncia da inxusticia social en diferentes contextos e etapas da historia e de moi diferentes estilos que teñen cabida nos contidos desta programación. Adicaremos unha unidade didáctica ao oficio de músico na que poñeranse en valor a responsabilidade individual e o esforzo persoal, valores que, polo demais, o alumnado terá que desenvolver en todas as actividades de interpretación musical propostas ao longo do curso.
- **Educación emocional.** A Música é un medio privilexiado para a expresión das emocións. Estudaremos esta cualidade da música nunha unidade didáctica que adicaremos á relación entre música e carácter. Veremos os recursos que un compositor pode empregar para producir determinadas sensacións no oínte e suxerir sensacións asociadas coa música. O alumno aprenderá así a valorar a música como instrumento que nos axuda a liberar emocións.

## 11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

No artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, indícase que *“a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación ... traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.”*

Dacordo co plan de integración das TICs do centro, desde o departamento de Música vaise incorporando o emprego das novas tecnoloxías como una ferramenta máis para obter información e xerar coñecemento, traballando así aspectos como **a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación**. Partindo do feito de que tódolos ordenadores incorporan a posibilidade de xerar sons, resulta lóxico pensar no seu aproveitamento como ferramenta didáctica para a área de Música. Se ademais o ordenador presenta os complementos de hardware axeitados, como unha boa tarxeta de sons, e periféricos como un teclado controlador e uns altosfalantes, xunto co software preciso, convértese nunha potente ferramenta con enormes posibilidades de edición, composición e interpretación musical. Estas posibilidades están presentes en programas profesionais, de complicado manexo, que esixen un alto nivel de coñecementos tanto musicais como técnicos para a súa utilización, ademais dun custo económico inasumible polo departamento. Sen embargo, nos últimos anos fóronse creando programas máis sinxelos que ofrecen ó alumnado un entorno interactivo no que poder experimentar e descubrir as posibilidades expresivas que ofrece a linguaxe musical, moitos deles gratuitos e que nos serven como punto de partida. Así, podemos atopar na rede programas de edición de partituras, edición de audio, secuenciadores, programas de entrenamiento auditivo ou mesmo de teoría musical. Mesmo xorden ferramentas deste tipo optimizadas para o seu uso con dispositivos móbiles, como tablets e smartphones, facéndoas máis accesibles para o alumnado.

Por outra banda, o uso do ordenador pode permitir unha mellor clasificación das audicións e a fonoteca da aula, así como un mellor aproveitamento destes materiais, e resulta unha ferramenta moi potente en todo o que se refire a materiais audiovisuais, podendo substituír ao equipo de son e ao equipo de imaxe. É por iso que o departamento de música todos os anos traballa para ampliar o banco de audicións e videos relacionados cos contidos da materia, que seguemos ampliando.

Existen no currículo da área contidos específicos de informática musical que traballaremos nesta etapa, no que os alumnos aprenderán o emprego básico dun editor de partituras, dun editor de audio e mesmo dun secuenciador. Traballaremos ademais a relación da música co cine, os instrumentos e aparellos musicais electrónicos ou a produción discográfica. Os alumnos aprenderán ademais as pautas básicas para a realización dunha gravación sonora, así como as ferramentas tecnolóxicas necesarias para tal fin (microfonía, cableado, mesa de mesturas, conexións, accesorios ...).

Traballaranse co alumnado, ademais, outros contidos relacionados co uso das TIC aínda non sendo estritamente musicais. A utilización das TIC será habitual nas nosas actividades, para poder realizar as actividades deseñadas tanto de forma presencial como non presencial. Por iso, debemos garantir que todo o alumnado adquira as destrezas necesarias para realizar estas actividades, polo que recibirán unha formación básica con instrucións claras e titoriais dirixidos a que coñezan o funcionamento da aula virtual e un manexo básico de ferramentas ofimáticas, programas e utilidades que empreguemos.

Hai que destacar o feito de que o alumnado de 2º ESO pertence ao programa Edixgal, polo que dispón de netbooks con acceso á rede que facilitarán a integración das novas tecnoloxías no labor docente.

## 12. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece no seu artigo 3 como un dos principais fins da lei *“a garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.”* O departamento de música entende que este debe ser tamén un dos requisitos imprescindibles para poder desenvolver esta programación. Así, velará polo cumprimento das normas de convivencia na aula e no centro, procurando a resolución pacífica dos conflitos que xurdan.

Esta programación fomenta valores e actitudes que favorecen este ambiente de convivencia, como xa se explicita no punto 10 deste documento. Ademais, nesta área é especialmente importante este ambiente de convivencia para acadar éxito nas interpretacións instrumentais e vocais, proxectos básicos dentro desta programación. É por isto que resulta fundamental procurar un clima de confianza, diálogo e colaboración, empregando unha linguaxe amable e cortés e favorecendo o respecto cara os compañeiros e a tolerancia cara as opinións, gustos e caracteres dos demais.

### 13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

No artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, indícase que *“a comprensión lectora, a expresión oral e escrita ... traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.”* Dacordo co proxecto lector do centro, este departamento traballará estes aspectos.

Dende o departamento didáctico de música do I.E.S. Nº 1, a maioría das actividades e actuacións circunscríbense ao ámbito da aula. Nela farase unha lectura comprensiva diaria dos contidos da área, que se irán desenvolvendo coa lectura comprensiva dos textos presentes no libro de texto e, ocasionalmente, outro tipo de textos, coa confrontación de puntos de vista sobre ditas lecturas. Tamén se esixirá ao alumnado a escritura completa no caderno dos exercicios plantexados, de xeito que o caderno do alumno pasará a ser unha ferramenta non só de aprendizaxe senón tamén de avaliación para ao profesorado. Esixirase ao alumnado que se exprese oralmente e por escrito con corrección, incorporando o vocabulario axeitado.

Por outra banda, os alumnos terán que realizar, ao longo do curso e dacordo cos contidos e capacidades do currículo da área de música, unha serie de traballos, algúns individuais, outros grupais, que implicarán o tratamento de información en diferentes formatos e soportes, coa utilización dos recursos dispoñibles no centro (biblioteca de centro, biblioteca de aula, aula de informática) e, excepcionalmente, tamén externos. A lectura e a escritura serán ferramentas esenciais para a realización destes traballos.

Deste xeito, a área de música contribúe, como xa se apuntou, do mesmo xeito que outras áreas, a desenvolver aspectos relacionados co hábito lector, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Pero ademais, a música colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera. Tamén implica o uso da linguaxe oral e escrita para a transmisión, análise e interpretación de obras visuais e sonoras e a expresión oral e escrita de pensamentos, sentimentos e emocións, ligados á creación artística e á participación en manifestacións culturais diversas. Por último, desenvólvese a concepción da arte musical como sistema de comunicación con códigos propios e como complemento enriquecedor da comunicación verbal e escrita.



## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido a que a oferta de actividades relacionadas coa música non se mantén dun ano a outro, o departamento non pode confirmar ningunha actividade extraescolar a estas alturas do curso, como é obvio. Dito esto, é vontade dos membros do departamento solicitar a participación dos nosos alumnos naquelas actividades ofertadas que resulten de interese e teñan relación cos contidos desta programación. Neste punto hai que dicir que a oferta de actividades para esta área na nosa comunidade é ridícula e, polo tanto, as posibilidades de participar nelas, moi pobres. Ao departamento soen chegar outras propostas de carácter particular que se poden contratar pagando un prezo. Nestes casos, o prezo queda moi lonxe do que dispón o departamento como orzamento e, polo tanto, son propostas inasumibles.

Asemade, o departamento está sempre aberto a colaborar na realización das actividades complementarias e celebracións marcadas no calendario escolar que se organicen no centro. Neste punto cabe dicir que aqueles alumnos con estudos musicais ou que saben tocar un instrumento soen presentar moi boa predisposición a colaborar nestas celebracións, polo que é habitual que se forme unha agrupación máis ou menos estable para participar nestas celebracións durante o curso, baixo a dirección e/ou a tutela do departamento de Música.

É preciso explicitar que as actividades complementarias e extraescolares terán sempre carácter voluntario para o alumnado e non poderán constituir discriminación para ningún membro da comunidade educativa. Porén, o alumnado que non participe deberá realizar actividades relativas aos aspectos do currículo cos que ditas actividades estean relacionadas.

---

## 15. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación da materia pendente, o departamento didáctico de Música proporralles plans de traballo, con actividades e tarefas de repaso, de xeito que se poida levar a cabo unha avaliación continua das aprendizaxes realizadas. Os instrumentos e as técnicas presentes neses plans de traballo serán variados e adecuados ao ritmo de aprendizaxe dos alumnos; haberá tanto probas escritas (tests, cuestionarios, comentario de audicións, mapas conceptuais, exercicios que obriguen ao uso de conceptos, actividades e tarefas que implican a superación dos estándares de aprendizaxe, dictados musicais, traballos de investigación bibliográfica, supervisión do caderno do alumno, etc.) como orais (interpretación instrumental, interpretación vocal, actividades de exposición temática, cuestionarios, etc.).

O xefe do departamento convocará ao alumnado coa materia pendente para entregarlles os plans de traballo e facerlle as indicacións pertinentes e sinalar os prazos de entrega dos traballos e as datas de realización das diferentes probas. Para este efecto usaranse as sesións dos recreos, nas que, de xeito regular, tamén se fará un seguemento do ritmo de traballo dos alumnos e das alumnas.

Empregarase ademais a aula virtual do centro. Deste xeito pretendemos minimizar a dificultade engadida de que non se contemplan horas presenciais de adicación á recuperación das materias pendentes. Así, os alumnos e as alumnas e as súas familias poderán recibir información constantemente actualizada do seu progreso ao tempo que o profesor poderá recoller os traballos, dúbidas, suxestións, etc. dos alumnos segundo se vaian producindo. Ao mesmo tempo, poderá clarificar dúbidas tanto de xeito particular como para o grupo en xeral e propor actividades alternativas para aqueles alumnos con máis dificultades. Cada alumno poderá establecer o seu propio ritmo conforme ás súas propias circunstancias, dentro dos límites marcados polo departamento. En calquera caso, esta ferramenta nunca substituirá a labor presenzal do profesorado, senón que servirá de complemento.

Ademais das probas, que se farán de maneira secuencial ao longo do curso, os alumnos coa área de Música pendente terán dereito a realizar unha proba final da materia. O alumnado será avaliado nunha sesión ordinaria no mes de maio ou xuño. Aqueles que non superen a materia pendente nesta avaliación, terán dereito a relizar outra proba final no mes de xuño.

## MÚSICA

---

Buscarase que o alumnado traballe ao seu ritmo, pero sen olvidar que este traballo pode interferir coas materias do curso ao que pertence. É por isto que o departamento observará certa flexibilidade en canto as datas de entrega de traballos pero tendo sempre presente o obxectivo de conseguir que o alumnado supere a materia o antes posible.

## 16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A finalidade dos materiais e recursos didácticos é facilitar o desenvolvemento do currículo nas diferentes áreas do coñecemento, polo que a súa selección é fundamental para a eficacia do aprendizaxe. É por isto que na súa selección hai que ter en conta, ademais da súa calidade obxectiva, criterios pedagóxicos axeitados, de xeito que teñan unha relación lóxica cos contidos e criterios de avaliación. Ademais, deben ser variados en canto a formato e contido para atender aos diferentes intereses e á diversidade do alumnado. Por outra banda, os materiais escollidos deben favorecer tanto o traballo individual como o traballo cooperativo do alumnado.

En canto ao repertorio para a práctica musical, seleccionárase tendo en conta que debe axustarse ao nivel do grupo e buscarase progresividade ao longo do curso en canto a súa dificultade. Buscarase sempre que as propostas presenten relación cos contidos traballados en cada unidade. Estas propostas deben atender sempre á diversidade do alumnado, propiciando que todos os alumnos poidan sumarse á práctica grupal na medida das súas posibilidades.

A continuación enuméranse os recursos materiais que usaremos para desenvolver esta programación didáctica:

### 16.1. Propios do alumnado:

- Libro de texto:
  - 2º ESO: non hai libro de texto do alumnado (o alumno recibe materiais elaborados polo profesor).
  - 4ª ESO: **4 ESO – Música**. R. Sabater e J. González. Editorial Teide.
- Frauta doce.
- Caderno de clase.
- Papel pautado.
- Netbook (alumnado de 2ºESO, dentro do proxecto Edixgal).

## 16.2. Material de aula:

- Recursos do libro dixital para o profesorado / Edixgal
- Láminas, fotografías e musicogramas.
- Instrumental Orff.
- Pequena percusión.
- Frautas soprano.
- Frautas tenor.
- Piano dixital.
- Guitarra clásica.
- Metrónomo mecánico.
- Metrónomo dixital.
- Gravador dixital.
- Mesa de mesturas.
- Monitores autoamplificados.
- Micrófono de condensador.
- Auriculares.
- Ordenador con tarxeta de son, lector de DVD, altofalantes e conexión a internet.
- Canón proxector.
- Software musical (edición de partituras, editor de son, secuenciador,...).
- Libros da Biblioteca Escolar.
- Libros e partituras da biblioteca do departamento.

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino e a práctica docente serán obxecto dun seguemento e avaliación por parte do propio profesorado. Para iso, faremos uso das seguintes táboas, realizándose a pertinente observación despois de cada unidade didáctica.

### Indicadores de logro do proceso de ensino

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.		
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.		
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.		
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.		
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.		
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.		
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.		
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.		
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.		
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.		
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.		
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.		

## Indicadores de logro da práctica docente

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.		
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.		
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.		
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.		
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.		
6. Combínase o traballo individual e en equipo.		
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.		
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.		
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.		
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.		
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.		
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.		
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.		
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.		
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.		
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.		
17. Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...		

## 18. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación da propia programación é unha peza clave na posible reconsideración do proceso educativo, coas pertinentes modificacións e introducción de estratexias para que os alumnos superen as dificultades detectadas. A avaliación da programación permitirá introducir modificacións non só de cara o vindeiro curso, senón tamén neste curso, sempre e cando esta revisión se faga cunha certa periodicidade.

O departamento de Música considera axeitado facer esta avaliación ao remate de cada unidade e despois de analizar os resultados obtidos en cada avaliación. Con este fin usarase a táboa seguinte. A información recollida ao longo de todo o curso será fundamental para a elaboración da nova programación didáctica no vindeiro curso.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.		
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.		
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.		
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.		
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.		
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.		
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.		
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.		
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].		
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.		
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.		



## MÚSICA

12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).		
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.		
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.		
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].		
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.		
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.		
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].		
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.		
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.		
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.		
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.		
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.		
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.		
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.		
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.		
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.		
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.		
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.		
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.		

---

## ANEXO - ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

### 1. Adaptación aos posibles escenarios en función da situación sanitaria

Para garantir unha transición exitosa entre os posibles escenarios de ensino, presencial ou non presencial, este departamento considera imprescindible vertebrar a actividade docente a través da aula virtual do centro. A experiencia dos cursos pasados, nos que a totalidade do alumnado do centro estivo matriculado na aula virtual e fóronse resolvendo os problemas de conectividade e equipamento que ían xurdindo, permítenos presentar este enfoque para a nosa docencia.

#### **ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Durante a actividade lectiva presencial, a aula virtual do centro será o elemento central no que o alumnado baseará a súa formación. Así, todos os apuntamentos, tarefas, exercicios... serán presentados ao alumnado a través da aula virtual. Tamén será empregada para facer probas e redirixir cara contidos noutros espazos ou deseñados con outras ferramentas dixitais.

Do mesmo xeito, o alumnado deberá entregar as súas tarefas ou traballos e contidos de elaboración propia a través da aula virtual.

Hai que ter en conta que todo o alumnado da materia de música traballou a través da aula virtual do centro durante o curso pasado. Polo tanto, ten adquiridas as destrezas dixitais necesarias para sacar proveito desta e outras ferramentas dixitais. Con todo, o profesor da área velará por que o alumnado coñeza o funcionamento desta e das demais ferramentas dixitais requiridas para unha realización correcta de probas, tarefas e traballos.

A comunicación cos pais e nais farase preferentemente, como se leva facendo durante os últimos cursos, utilizando a ferramenta abalarMóbil para transmitirilles toda a información de interese sobre o aproveitamento da actividade didáctica dos seus fillos e fillas.

## **ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Debido ao plantexamento da actividade presencial arriba indicado, no suposto de ensino non presencial o cambio máis destacado na docencia sería o paso do uso preferente de ferramentas dixitais a un uso exclusivo, sen que esta transición deba supoñer unha adaptación significativa das aprendizaxes consideradas imprescindibles. Con todo, definíronse para cada curso as aprendizaxes imprescindibles no caso de que actividade lectiva se leve de xeito non presencial durante unha parte importante do curso. Como xa se indicou na organización e secuenciación dos contidos para cada curso, estas aprendizaxes imprescindibles están sinaladas mediante un sombreado que as distingue das consideradas non imprescindibles.

No caso dunha transición á actividade lectiva non presencial, haberá que ir adaptando non só as aprendizaxes consideradas imprescindibles, senón tamén, como é lóxico, os criterios de avaliación e calificación. Polo tanto, se fose necesario, deseñárase unha nova programación adaptada á nova situación. Necesariamente, deberá ser publicitada e informarse ao alumnado e as familias.

As tarefas presentaranse na AV acompañadas de aqueles documentos, audios ou vídeos sobre os que realizar os exercicios. Para cada tarefa adxúntase tamén un documento coas instrucións precisas e os criterios de corrección ou rúbrica, según corresponda.

O alumnado realizará, entre outras posibles, as seguintes actividades que se irán proponendo a través da aula virtual do centro:

- Análise de vídeos ou audios relacionados cos contidos. Estes vídeos e audios van acompañados de actividades que os alumnos e alumnas deben realizar.
- Traballos de investigación colaborativos:
  - o A través do foro.
  - o Mediante a ferramenta Padlet.

- Probas obxectivas, subxectivas e mixtas na AV. Probas con ferramentas como Kahoot ou Quizizz.
- Utilización e/ou realización de podcasts e uso do editor de audio Audacity.
- Realización dun arranxo sinxelo dunha peza proposta co editor de partituras Muscore e exportalo como arquivo de audio.
- Rexistro en vídeo das súas interpretacións musicais.

Estas actividades irán presentándose ao longo do curso, independentemente de que a actividade lectiva sexa presencial ou non, co obxectivo de que o alumnado asuma a non presencialidade o máis preparado posible.

A comunicación coas familias seguirá sendo preferentemente a través do abalarMóbil. O profesor continuará atendendo ás familias telefonicamente na hora de adicación aos pais e nais que aparece reflectida no seu horario ou en calquera momento a través do correo electrónico do departamento. Reforzarase a comunicación co alumnado mediante a aula virtual (nos foros e a mensaxería individual) e o correo electrónico.

## 2. Efecto do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 sobre a área de Música

A situación epidemiolóxica actual propiciou una relaxación das medidas de protección e hixiene tanto individuais como grupais. Sen embargo, a ventilación da aula seguirá sendo unha medida fundamental para evitar a transmisión de enfermidades.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia da materia (instrumental Orff e pequena percusión), debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Será o propio alumnado, guiado polo docente, o responsable desta desinfección, implicándose na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. O docente deberá observar a necesidade de prever un tempo para estes labores de desinfección.

O persoal de limpeza limpará, desinfectará e ventilará a aula despois de cada uso, sempre e cando non se dea a circunstancia de dúas sesións lectivas consecutivas na mesma aula.

Cando a aula estea ocupada por dous grupos diferentes en horas consecutivas, o alumnado que ocupe a aula deberá desinfectar o seu posto e saír durante os últimos 5 minutos da sesión. Ao mesmo tempo, realizarase unha ventilación. O grupo entrante só poderá acceder á aula cando teña saído o grupo anterior. Neste caso, o grupo entrante utilizará a porta anterior da aula, e o grupo saínte, a posterior, para evitar o encontro de alumnado de grupos diferentes.

*En A Estrada, a 1 de marzo de 2023*

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Piñero', with a large, stylized initial 'P' and a long horizontal stroke extending to the right.

*Asdo: José Manuel Piñero Lourido*

*Xefe do Departamento de Música*